

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 19 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día dezanove de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1299).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións: ordinaria 5.10, extr. urx. do 5.10 e extr. urx. (2) do 5.10.2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1300).- ACEPTAR A SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O PROXECTO DE "MELLORA AUDIOVISUAL DO AUDITORIO DO CENTRO CÍVICO DE TEIS". EXPTE. 5780/320.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá, do 15.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aceptar a subvención concedida na resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, de data 3 de outubro de 2012, en base a Orde de 30 de maio de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2007-2013, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 1.953,00 €.

2. Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá, a xestión da xustificación da subvención recibida conforme ao establecido no artigo 9 e 10 da Orde de 30 de maio de 2012 e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

3(1301).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1117/06.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 21.10.2012, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política e Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a seguinte persoa:

- D^a. Juana Rodríguez Nuño. Expte.1117/06.

4(1302).- APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA Á ENTIDADE MÉDICOS DEL MUNDO E PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DEL MUNDO. EXPTE. 78082/301.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Cedro, do 24.08.2012, conformado polo xefe de área de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 30.08.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 21.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

➤Aprobala concesión dunha subvención directa a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, por un importe total de 50.000 euros, con cargo á partida 3133.4890001-Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo-.

➤ Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, para a realización dun programa de intervención sociosanitaria en rúa con persoas con uso de drogas en situación de exclusión social en Vigo, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.

➤ Aprobar o gasto por un importe total de 50.000€, para o ano 2012, con cargo á partida 3133.4890001 “Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO

Vigo, ____ de _____ de 2012

REUNIDOS

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011.

Doutra, D^a María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G79408852, e enderezo a efectos de notificación en Vigo, R/ Islas Baleares 15, baixo, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.

Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Reducción de Danos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ao consumo de drogas, a disminuir a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de “baixo umbral”, seguindo os principios de intervención humanitaria que movern a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático de drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/o con problemas de saúde, que rechazan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándolas no cuidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso a la rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ao consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, está concebido como un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense dende un dispositivo fixo , denominado centro de calor e café, e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado para a nosa intervención e o equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo. A sala de calor e café abre as súas portas os luns, mércores e venres de 8:00 a 14:00, mentres que os martes e os xoves adícanse a traballo na rúa.

O interese para a cidade de Vigo dun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos é que non solo posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senon tamén do entorno sociocomunitario onde se ubica. Os grandes pilares nos que se apóia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír as da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertientes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder aos recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2011 foi de 531 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia

Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas 2009-2012, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de planes municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consomen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ao consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal se ten adherido ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de protección e promoción da saúde. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención aos colectivos en

situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa FEGAMP, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3133 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade Médicos do Mundo convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa, e, concretamente, a:

- Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para a execución da actividade asistencial
- Asumir a xestión xeral do programa
- Contribuir o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.
- Complimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa .

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio 2012 por importe de 50.000 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 50.000 € con cargo ao programa de gastos 3133, partida 4890001, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as

actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servizos Sociais ou persoa en quen delegue.

Oitavo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2013, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ▣ Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- ◆ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
 - Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

5(1303).- ANULACIÓN DE SUBVENCIONS DE BONO TAXI, NOVAS CONCESIONS DE BONO TAXI E RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN. EXPTE. 71446/301.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da traballadora social, conformado polo xefe de área de Política de Benestar e pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- ANULAR as concesións de subvencións de bono taxi, aprobadas pola XGL de 13 de xullo de 2012, ás persoas que se relacionan a continuación, sendo o importe total anulado de 600,00€

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE ANULADO	MOTIVO
1	TRIGO	DIAZ	JAVIER G.	35872483G	300,00	PASAMENTO
2	LOPEZ	MOÑINO	ENCARNACION	22182760L	300,00	GRAVE ENFERM.
TOTAL IMPORTE ANULADO					600,00	

2.-CONCEDER con cargo á partida 2310.4800011 A201200036613, a subvención en réxime de avaliación individualizada, destinada a proporcionar mediante a utilización de bono taxi un medio de transporte adaptado a:

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE	PROCEDENCIA
1	RODRIGUEZ	GONZALEZ	FRANCISCO. J	36087139 R	300,00	LISTA DE AGARDA
2	RODRIGUEZ	RODRIGUEZ	ANTONINA	35207462 M	300,00	LISTA DE AGARDA
3	ROMERO	MATOS	CRISTINA	36109282H	100,00	LISTA DE AGARDA
TOTAL IMPORTE CONCEDIDO					700,00	

3.-OS RECURSOS DE REPOSICIÓN interpostos foron os dos seguintes solicitantes de bono taxi:

- D. Teresa Fernández Abalde presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 17 de xullo de 2012 e número 120096592, pola desestimación da subvención.
- D^a. Ana Isabel Coego Rios, presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 17 de agosto de 2012 e número 120096718, pola desestimación da subvención.
- D. Segundo Vilanova Camino, presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 13 de agosto de 2012 e número 120095468, pola desestimación da subvención.
- D. Francisco Villoldo González presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo, con data 27 de xullo de 2012 e número 120088152, pola desestimación da subvención.

Estudados os devanditos recursos pola Comisión de Valoración das axudas de bono-taxi, propónse:

5. Desestimar o recurso presentado por D^a TERESA FERNÁNDEZ ABALDE, con DNI 35935308Q, por constar como titular de vehículo propio incumplindo así a base 6d das Bases polas que se regula as concesións das subvencións de bono taxi aprobadas en XGL do 20 de abril de 2012.
6. Desestimar o recurso presentado por D^a Ana Isabel Coego Rios, con DNI 36050502A, por constar como titular de vehículo propio incumplindo así a base 6d das Bases polas que se regula as concesións das subvencións de bono taxi aprobadas en XGL do 20 de abril de 2012.
7. Desestimar o recurso presentado por D SEGUNDO VILANOVA CAMINO, con DNI 13009320Z por constar como titular de vehículo propio incumplindo así a base 6d das Bases polas que se regula as concesións das subvencións de bono taxi aprobadas en XGL do 20 de abril de 2012.
8. Desestimar o recurso presentado por D FRANCISCO VILLOLDO GONZÁLEZ, con DNI 27833848F, por constar como titular de vehículo propio incumplindo así a base 6d das Bases polas que se regula as concesións das subvencións de bono taxi aprobadas en XGL do 20 de abril de 2012.

4 LISTA DE AGARDA:

Procédese a conceder a subvención as seguintes persoas da lista de agarda que ocupaban os tres primeiros lugares por orde de puntuación .

Nº ORDE	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI
1	RODRÍGUEZ	GONZÁLEZ	FRANCISCO. J	36087139 R
2	RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ	ANTONINA	35207462 M
3	ROMERO	MATOS	CRISTINA	36109282H

6(1304).- AUTORIZACIÓN DOS PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2012. EXPTE. 13962/331.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas, do 24.09.2012, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira da área de Política de Benestar, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 5.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do departamento de Cultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2012, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DÍA	HORA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PROGRAMA	PREZO PROPOSTO
-----	------	----------	-------------	----------	----------------

02/11/1 2	21	ISGA Collective	Músicas do sul	MÚSICA	8,00 €
04/11/1 2	18	Teloncillo	Los animales de Don Baltasar	TEATRO FAMILIAR	5,00 e 3,00 €
09/11/1 2	21	Sarabela Teatro	Viaxe a ningunha parte	TEATRO	7,00 €
11/11/12	18	Ghazafellos	Bon Appêtit	TEATRO	5,00 e 3,00 €
16/11/1 2	21	Marful	Concerto	MÚSICA	8,00 €
18/11/1 2	18	Danthea Teatro	Polichinela Titor de Pierrot	TEATRO FAMILIAR	5,00 e 3,00 €
23/11/1 2	21	Teatro do Morcego	A función do tequila	TEATRO	7,00 €
25/11/1 2	18	Elefante Elegante	Nuncabunga	TEATRO	5,00 e 3,00 €
30/11/1 2	21	Murmel Bruxas	Concerto	MÚSICA	7,00 €
02/12/1 2	18	Teatro Paraíso	Vuela si puedes	TEATRO FAMILIAR	5,00 e 3,00 €
14/12/1 2	21	Grupo Chévere	Citizen	TEATRO	7,00 €
16/12/1 2	18	Baobab Teatro	Babs	TEATRO FAMILIAR	5,00 e 3,00 €
21/12/1 2	21	Manquiña e Luis Zahera	Monólogos inocentes	TEATRO	7,00 €
23/12/1 2	18	Mamá Cabra	Cantos pequenos	MÚSICA	5,00 e 3,00 €
30/12/1 2	18	Viravolta	A caixa de música	MÚSICA FAMILIAR	5,00 e 3,00 €

En canto ao resto dos espectáculos programados fóra desta programación pechada a día de hoxe, e por indicación da concelleira-delegada da Área se establece en liñas xerais os seguintes prezos:

Resto da programación de teatro variado para adultos: O prezo en xeral será de 7 €.

Resto da programación de música variada para adultos: O prezo en xeral será de 8 €.

Resto da programación infantil variada: O prezo en xeral será de 5 € para os adultos a partir de 13 anos e de 3 € para nenos até 12 anos.

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.2

De acordo co artigo 3.3 da citada ordenanza se establecerán abonos para os programas mensuais nos que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e un 25 % de desconto no abono total.

Asemade se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

7(1305).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZOS DE SEGURIDADE EXTRAORDINARIOS NO PAZO DE CASTRELOS NO PERÍODO DE XULLO-AGOSTO 2012. EXPTE. 4712/337.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos e Programas, do 7.09.2012, conformado pola concelleira delegada de Cultura, Festas e Museos e pola concelleira delegada de Facenda, e co informe do Interventor Xeral, do 19.09.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obriga por importe de **26.425,30** (IVE incluído); a prol da empresa VIGILANCIA INTEGRADA, S.A., co CIF A – 78917465, pola prestación de servizos de seguridade extraordinarios no Pazo de Castrelos no periodo xullo-agosto 2012, segundo as seguintes facturas:

Nº Factura	Data factura	Data rexistro	Nº rexistro	Importe
6500325683	31/07/12	31/08/12	120101301	13.220,32 €
6500325981	31/08/12	31/08/12	120101302	13.204,98 €
TOTAL				26.425,30 €

2º Imputalo á partida 3330.2270101 “Servicios de seguridade dependencias”, R.C. 49551, correspondente ao orzamento do Museo Municipal para o exercicio 2012.

3º.- A imputación do gasto aos orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación alguna para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.”

8(1306).- PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA DOTACIÓN E CARROZADO DUNHA BOMBA URBANA LIXEIRA PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 2669/213.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do oficial subxefe do servizo de Bombeiros, do 10.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 11.09.2012, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro, do 8.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro da dotación e carrozado dunha bomba urbana lixeira para o servizo de bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 17-09-2012 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 09-10-2012.

2º.- Aproba-lo gasto de 191.000 euros para a contratación do subministro da dotación e carrozado dunha bomba urbana lixeira (BUL) para o servizo de bombeiros que se imputarán a partida 1350624000 “flota de vehículos” crédito éste xerado polo concerto asinado coa entidade “Gestora de Conciertos para la contribución a los Servicios de Extinción e Incendios (AIE)”.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

9(1307).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e os informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a **VAN DIVULGACIÓN, S.L.**, a fianza de 4.100 € constituída para responder da contratación creación áreas etnoarqueolóxicas, xa que os servizos foron recibidos mediante acta de 30-12-2010, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelor prazo de garantía. Expte. 4156/241.

B) Devolver a **SOGAMA S.A.**, a fianza de 565.204,24 € constituída para responder das obrigas do contrato de Residuos Urbanos, xa que os servizos foron recibidos mediante acta de 1-07-2012, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelor prazo de garantía. Expte. 4227/241.

C) Devolver a **OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.**, a fianza de 1999,20 € constituída para responder das obras de construción de beirarrúas R. Manuel Cominges-Mtamá, xa que as obras foron recibidos mediante acta de 31-07-2007 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrelor prazo de garantía. Expte. 914/443 e 49578/250.

10(1308).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASETRANSPRO-ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE TRANSPORTE PÚBLICO DE MERCANCIAS DE PONTEVEDRA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9104/77.

Retirado da Orde do Día.

11(1309).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9099/77.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da técnico do servizo de Fiscalización, do 15.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Autismo Vigo, con CIF: G36849883,.
- Autorizar o gasto de 21.436,24 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Esperanza C. Domínguez Bautista, como Presidenta da Asociación Autismo Vigo, con CIF: G36849883, e enderezo social en Rúa r/Camelias no108- oficina 2, 36211 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de

proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación Autismo Vigo, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Contribuír ao desenvolvemento do proxecto de vida de cada persoa con autismo.
2. Prestar os apoios necesarios as persoas con autismo e ás súas familias e facilitando oportunidades para que poida tomar as súas propias decisións e participar activamente na sociedade.
3. A defensa dos dereitos das persoas con autismo e os das súas familias.
4. Ter unha actitude proactiva na detección de necesidades e eficiente na xestión de recursos.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas e do entorno das persoas con autismo, pola Asociación Autismo Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa captación de recursos, a orientación e o apoio ás familias das persoas con autismo en situación de emerxencia.

V.- Que a Asociación Autismo Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Autismo Vigo, o Concello de Vigo e a dita Asociación Autismo Vigo convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación Autismo Vigo, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa captación de recursos, a orientación e o apoio ás familias das persoas con autismo en situación de emerxencia, mediante a realización das actividades de:
 4. Creación dun equipo de captación de recursos.
 5. Apoiar ás familias con fillos con autismo en situación de emerxencia.
 6. Por en marcha diferentes eventos e campañas para obter ingresos que permitan dar continuidade ós profesionais contratados ó abeiro do Plan de Emprego 2012 do Concello de Vigo.
 7. Apoiar o desenvolvemento da entidade e representar ao colectivo que agrupa, co propósito de mellorar a calidade de vida das persoas con TEA a as súas familias.
 8. Garantir o exercicio efectivo dos seus dereitos.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade

requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xerale e o seu acceso será aberto e gratuíto.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ◆ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- ◆ Respetar a estrutura organizativa da Asociación Autismo Vigo
- ◆ Conceder directamente á Asociación Autismo Vigo unha subvención total por importe de 21.436,24 € con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

9. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

10. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

11. A entidade beneficairia someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

➤ O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

➤ Tres vocais:

1 Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

2 Dous a membros da Xunta directiva da entidade **Asociación Autismo Vigo**.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as seleccións de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.

- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento

Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación Autismo Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos

non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

12(1310).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ANPAS DE VIGO E COMARCA. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9098/77.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 26.09.2012, e co informe da técnico do servizo de Fiscalización, do 15.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), con CIF: G36743946.
- Autorizar o gasto de 19.216,90 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Manuel Alfonso André André, como Presidente da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), con CIF: G36743946, e enderezo social en Camiño do Chouzo, 2, 36208 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración con entidades, fundacións, federación, confederacións, organizacións sindicais, veciñais, sociais, empresariais, etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Coñecer a situación do ensino público, e divulgar no seu ámbito todas aquelas medidas e actuacións que axuden ao seu desenvolvemento.
- Representar e defender ás ANPAS federadas e os seus intereses, para a defensa e mellora do sistema público de ensino.
- Colaborar coas autoridades educativas da Consellería de Educación, do Concello de Vigo e de outros concellos do seu ámbito, participando en todos os organismos e consellos, facendo suxestións, propostas e informes nos que se recolla as opinións do colectivo dos pais e nais no sistema educativo, e establecendo convenios e concertos para o mellor cumprimento dos nosos obxectivos.
- Fomentar a creación de Consellos escolares municipais en todos os concellos do noso ámbito.
- Potenciar e coordinar os esforzos e inxerencias e aspiracións de todas as ANPAS que pertencen à Federación.
- Potenciar a formación de ANPAS en todos os centros e niveis así como a integración das mesmas na Federación.
- Promover toda clase de actividades culturais e formativas que sirvan para potenciar a formación integral dos nenos e nenas e dos seus pais e nais.
- Potenciar a participación de nais e pais nos consellos escolares e a colaboración franca coas equipas directivas dos centros, na procura do ensino público de alta calidade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación entorno educativo e das familias e persoas que o conforman e da necesidade de mellorar e perfeccionar o ensino público como base dunha sociedade con maior potencialidade de emprego, pola Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada co desenvolvemento de actividades no entorno educativo, e a dinamización das entidades que conforman a federación, mediante a realización das actividades de impulso dun conxunto de actividades na Escola Pública que apoie, apoie, complemente e complete a implantación da Educación para a Cidadanía nos seus eixos transversais como a Educación para a Paz, Medio, Saúde, Igualdade de oportunidades, Participación Cidadá, potencie, tanto a proxección do centro á contorna, vinculándoo co barrio, como a participación das organizacións de voluntariado da contorna que desexen colaborar nun concepto de Educación Comunitaria, cree unha plataforma de formación online que achegue contidos de formación na xestión das ANPAS, realización e organización de actividades, temas de escolas de pais e nais e establezca canles de participación das familias no centro dunha forma aberta e horizontal e que leve a considerar o centro educativo como un recurso social máis.

V.- Que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS) non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a dita Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS) convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS), comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

1. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada co desenvolvemento de actividades no entorno educativo, e a dinamización das entidades que conforman a federación, mediante a realización das actividades de:
 - a) Impulsar un conxunto de actividades na Escola Pública que apoie, complemente e complete a implantación da Educación para a Cidadanía nos seus eixos transversais como a Educación para a Paz, Medio, Saúde, Igualdade de oportunidades, Participación Cidadá,...
 - b) Potenciar, a través das actividades previstas, tanto a proxección do centro á contorna, vinculándoo co barrio, como a participación das organizacións de voluntariado da contorna que desexen colaborar nun concepto de Educación Comunitaria.
 - c) Mellorar e dinamizar o traballo en rede das ANPAS pertencentes a FOANPAS, creando servizos de apoio e de formación accesibles e adaptados á realidade actual.
 - d) Crear unha plataforma de formación online que achegue contidos de formación na xestión das ANPAS, realización e organización de actividades, temas de escolas de pais e nais,...
 - e) Establecer canles de participación das familias no centro dunha forma aberta e horizontal e que leve a considerar o centro educativo como un recurso social máis.
2. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
3. No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
4. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
5. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
6. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
7. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ◆ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- ◆ Respectar a estrutura organizativa da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS)

- ◆ Conceder directamente á Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS) unha subvención total por importe de 19.216,90 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

12. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
13. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
14. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.-Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

5. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
6. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS).

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.

- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Federación Olívica de ANPAS de Vigo e comarca (FOANPAS) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

13(1311).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9092/77.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.09.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 28.09.2012, e co informe da técnico do servizo de Fiscalización, do 15.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Caritas Diocesana Tui-Vigo, con CIF: R3600368I.
- Autorizar o gasto de 14.850,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410. 4890010 "Convenios Plan de

Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012.

- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra, don Angel Dorrego Leal, como Director da Caritas Diocesiana Tui-Vigo, con CIF: R3600368I e enderezo social en C/ García Barbón nº 104, bajo 36201 Vigo, Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións, fundacións, federacións, asociacións vecinais, sociais, empresarias, sindicais etc... de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

MANIFESTAN

I.- - Que a Caritas Diocesiana Tui-Vigo, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

7. *Realizar accións caritativas e sociais.*
8. *Axudar a promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas e comunidades.*
9. *Adicar preferentemente a súa atención as persoas e colectivo con especiais dificultades de inserción.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federación de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

VIGO 2012/Abril	Paro total	Agricultura/Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Ambos sexos	33894	444	5587	3366	21002	3495
Homes	15616	319	3343	2944	7782	1228
Mulleres	18278	125	2244	422	13220	2267

Paro rexistrado por sexo e grupos quinquenais de idade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas desempregadas por Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a infancia e a dinamización e mantemento e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas, mellorar o acceso ao mercado de traballo de desempregadas/os de longa duración, ptenciar a bolsa de traballo facilitando a empregabilidade dos seus usuarios/as, mellorar as instalacións e prestar un servizo de transporte aos nenos e nenas da escola infantil.

V.- Que a Caritas Diocesana Tui-Vigo non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Caritas Diocesana

Tui-Vigo, o Concello de Vigo e Caritas Diocesiana Tui-Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Caritas Diocesiana Tui-Vigo, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e, concretamente, a:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa axuda a infancia e a dinamización e mantemento e coidado de instalacións, mediante a realización das actividades de:
 18. Dinamización da entidade e fomento do asociacionismo dos veciños e veciñas.
 19. Mellorar o acceso ao mercado de traballo de desempregadas/os de longa duración.
 20. Potenciar a bolsa de traballo facilitando a empregabilidade dos seus usuarios/as.
 21. Mellorar as instalacións.
 22. Prestar un servizo de transporte aos nenos e nenas da escola infantil.
 23. Apertura, peche e control de acceso as instalacións.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ◆ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- ◆ Respectar a estrutura organizativa da Caritas Diocesiana Tui-Vigo
- ◆ Conceder directamente á Caritas Diocesiana Tui-Vigo unha subvención total por importe de 14.850,00 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego

Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

15. A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

16. En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

17. A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
 - 1 Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 - 2 Dous a membros da Xunta directiva da entidade Caritas Diocesiana Tui-Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é

a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Caritas Diocesiana Tui-Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipai se as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2012.

14(1312).- SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO A 30.09.2012. EXPTE. 22/142.

Dáse conta do informe do Interventor Xeral, do 8-10-2012, conformado pola concelleira delegada de Facenda, sobre o seguimento do cumprimento da regra de gasto a 30.09.2012, que di o que segue:

Cálculo da Regra de Gasto e Teito de Gasto

Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no artigo 12 e 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaira e Sostibilidade Financeira, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais.

Deducións a facer sobre as obrigas recoñecidas do ano 2012, como límite de gasto non financeiro para o ano 2012 para verificar si se cumpriu o teito de gasto.

1.- Obrigas do Capítulo III do estado de gastos

2.- No capítulo I, II, IV e VI do estado de gastos, deduciranse todas aquelas obrigas recoñecidas que teñan financiamento específico e finalista doutras administracións (Xunta, UE, Administración do Estado).

3.- Deduciranse as transferencias feitas con cargo ao orzamento de gastos a favor doutras administracións.

Para facer o cálculo do apartado 2.-, comprobaranse as xeracións de créditos no estado de gastos e as obrigas executadas con cargo as mesmas, serán estas as que se teñan en conta aos efectos de dedución.

O cálculo será o seguinte:

Σ obrig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admons

Orzamento ano 2011 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 1

Capítulos I a VII		Ajustes ou Deducciones	
Total Orzamento aprobado ONF 213.592.891,10			
		Financiamento finalista Estado	2.105.343,00
		Financiamento finalista CA	2.629.847,02
		Gastos financeiros	1.072.778,41
		Convenio COTOP, infraestruturas	2.160.000,00
		Total Deducións	7.967.968,43
Orzamento axustado			205.624.922,70

Orzamento ano 2012 ONF en cifras consolidadas.

Taboa 2

Capítulos I a VII		Axustes ou Deducións	
Total Orzamento aprobado ONF	207.349.801,67		
		Financiamento finalista Estado	2.138.455,00
		Financiamento finalista C.A	2.580.062,96
		Gastos financeiros	1.855.955,77
		Convenio Inf. Conv. Zona Franca de Vigo	571.918,64
	207.349.801,67	Total Deducións	7.146.392,37
Orzamento axustado			200.203.409,30

Para calcular as obrigas máximas para o ano 2012, estarase ao seguinte:

Orzamento axustado 2011 x 1,0323* (variación máxima do gasto para o ano 2012).

Obrigas máximas axustadas para o ano 2012: 205.624.922,70 (taboa 1, P. ano 2011) x 1,0323 =212.266.607,7 euros.

Σ oblig. capítulos I a VII-III-gastos financiados con fondos finalistas doutras administracións-transf. feitas a outras admns ≤ a 212.266.607,7 euros

Coa finalidade de levar un control mensual sobre o cumprimento do teito de gasto, infórmasse a XGL sobre as obrigas recoñecidas non financeiras nos estados consolidados a data 31/08/2012 e as previsións ata finais de ano

Capítulos I a VII		Axustes ou Deducións			
Obrigas recoñecidas	Contía	Axente financiador	Concepto	Nº Modificación	Contía obrigas
ONF a 31/08/2012	131.195.314,63	Ad. Central	Subv. Ao transporte urbano	Presup.inicial	2.105.343,00
		Ad. Central	Plan Avanza	Presup.inicial	25.205,00
		Ad. Central	Convenio Instituto Mujer	Presup.inicial	33.000,00
		Ad. Central	Transferencia ao CZFV	Presup. inicial	571.918,64
		Ad. Local	Trasnfer. E.Menor Bembrive	Presup. inicial	263.347,12
		Ad. Local	Transferencia a MAIV	Presup. inicial	203.004,29
		Ad. Autonómica	Serv. Axuda fogar (SAD)	Presup.inicial	1.704.166,00
		Ad. Autonómica	Axuda Drogodependencia	Presup.inicial	584.215,96
		Ad. Autonómica	Subvención P. Congresos	Inc.Remanentes	,00
		Ad. Autonómica	Plan Competitividade	Inc.Remanentes	79.162,70
		Ad.Autonómica XU	Subvención.Casco Vello,F10,11	Inc. Remanentes	151.955,63
		Ad.Autonómica XU	Subvención Bouzas, F5,6	Inc. Remanentes	112.296,24
		Ad. Autonómica XU	Urbanizacións,CV 11. Bou, 6	04/12/12	,00
		Ad. Autonómica	Apoio a Cidadanía	10/12/12	179.264,83
		Ad. Central	Programa prev. Ocio altern	18/12/12	54.561,70
		Ad. Autonómica	Imos traballar II	6, 6A/12	38.374,55
		UE	Interreg IVC	19/12/12	7.789,08
		Ad. Autonómica	Programas de emprego	4/12	76.611,41
		Ad. Autonómica	Axentes TIC	1/12	14.315,79
		UE	Proxecto Enfo	5/12	26.580,30
		Ad. Central	Eurotaxis	7/12	,00
		Ad. Autonómica	P.Competitividade turística	25/12	75.425,80
		Ad.Central	Aerogeneradores	8/12	3.443,40
		Ad. Autonómica	Axudas a mercados	20/12	12.432,57
		Ad.Central	Auditorías enerxéticas	28/12	19.280,61
		Ad. Autonómica	Promoción da L. galega	32/12	,00
		Ad. Autonómica	Mellora zonas rurais	63/12	,00
		Gastos financeiros			798.917,65
Total Obrigas NF	131.195.314,63	Total deduccións			7.140.612,27

Teito de gasto executado	124.054.702,3 6
Diferencia	88.211.905,34

Gasto aproximado pendiente de execución, calculado tendo en conta as % medias dos últimos anos, facendo redondeo:

Capítulo I,	18,9 millóns
Capítulo II,	43,8 millóns
Capítulo IV,	6,7 millóns
Capítulos VI,	11,5 millóns
Capítulo VII,	5,5 millóns
Total	86,4 millóns

Axustes previstos adicionais a baixa: 4,5 millóns (Pazo de congresos, convenios de emprego, Xerencia de urbanismo axudas a rehabilitación e execución das obras de infraestructuras convenio IGVS e Ministerio vivenda)

Gasto Non Financeiro axustado previsto ata finais de ano 81,9 millóns

Gasto total previsto axustado 205.954.702,4 euros

Nos primeiros 15 días de cada mes, darase conta da evolución do gasto non financeiro aos efectos do cumprimento da LOEPSF.

*Datos obtidos do programa de estabilidade orzamentaria 2011-2014

Anos	PIB real %	PIB previsto %	Media %
2006	4		
2007	3,6		
2008	0,9		
2009	-3,7		
2010	-0,1		
2011		1,3	
2012		2,3	
2013		2,4	
2014		2,6	
	4,7	8,6	
Media de variación deflactada			1,48
Taxa anual de inflación			1,75
Variación dos empregos non financeiros			3,23

Variables a cumprir para o ano 2013

OBXECTIVO	ANOS		
	2013	2014	2015
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiación (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Deuda Pública para o Conxunto de Entidades Locales	3,8%	3,8%	3,8%
Deuda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Tasa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,7%	1,7%	2,0%

15(1313).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE SETEMBRO 2012. EXPTE. 8885/306.

Dáse contra dos expedientes de contratos menores tramitados no departamento de Medio Ambiente no mes de setembro, segundo informe do xefe do servizo:

<i>Expte.</i>	<i>Partida</i>	<i>Tipo</i>	<i>Asunto</i>	<i>Adxudi-catario</i>	<i>Data Decreto</i>	<i>Data RC</i>	<i>Importe</i>
8828/306	1720.227.00.00	CMSEER	Limpeza de residuos perigosos nun domicilio particular por orde do Xulgado	Agro Nerga, SL	25/09/12	25/09/12	1.853,72 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

16(1314).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A., POLOS SERVIZOS PRESTADOS DURANTE O MES DE ABRIL DE 2012, DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL E REFACTURACIÓN DOS GASTOS. EXPTE. 83553/210.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 21.09.2012, conformado polo xefe da área de Mobilidade e conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 9.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante o mes de abril de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola cidade entidade mercantil, por un importe total de 21.382,15 € (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal).

17(1315).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A., POLOS SERVIZOS PRESTADOS DURANTE OS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2012, DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL E REFACTURACIÓN DOS GASTOS. EXPTE. 83674/210.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.10.2012, conformado polo xefe da área de Mobilidade e conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe do Interventor Xeral, do 9.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados (durante os meses de maio e xuño de 2012) de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, por un importe total de **52.980,55 €** (IVE engadido) con cargo á partida 1330.2279906 (Aparcamento Praza de Portugal).

18(1316).- ABONO DE CANTIDADES DEIXADAS DE PERCIBIR A D. FRANCISCO SANTIAGO DACOSTA, COMO CONSECUENCIA DE RECOÑECIMENTO DO GRAO DE PERSOAL 14. EXPTE. 23409/220.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de RR.HH., do 31.08.2012, conformado pola xefa de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Dar cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 30 de xuño de 2003, sobre recoñecemento de grao persoal correspondente ao nivel 14 de complemento de destino, ao empregado en réxime laboral fixo D. Francisco Santiago Dacosta, con núm. De persoal 17880.

Segundo.- Proceder ao abono a D. Francisco Santiago Dacosta o importe das diferenzas existentes entre o nivel de complemento de destino 13 e 14 do período de 12 de xaneiro de 2008 a 12 de xaneiro de 2012, que importa un total de 1.267,91 €.

Terceiro.- Como consecuencia do cumprimento de dito acordo da Xunta de Goberno Local, pola Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), procederáse a modificación da súa base mínima persoal que pasará a ser dende xuño de 2010 de 1.906,36 €.

19(1317).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO SOCIAL Nº 2, SENDO DEMANDANTE D^a ANA M^a MOURIZ MARTÍNEZ E ABONO A D^a MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. EXPTE. 23473/220.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 25.09.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 15-10-2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

"PRIMEIRO.- Tomar razón da sentenza do Xulgado do Social Nº 2, nº 291/2012, e proceder ao seu cumprimento, procedendo a abonar a D^a Ana M^a Mouriz Martínez (DNI 36096763-B) a cantidade de 182,50 € correspondentes a fondo social do ano 2011.

SEGUNDO.- Proceder ao abono a D^a Mónica López-Coronado Carnero (DNI 36071855-N), da cantidade de 425 €, correspondentes a fondo social do ano 2011, a efectos de dar cumprimento a citada sentenza.

TERCEIRO.- Dispoñer que se proceda ao seu abono na vindeira nómina municipal.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 2 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade a Intervención Xeral, Comisión do Fondo Social, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

20(1318).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE CANTIDADES PRESENTADAS POR D^a M^a JOSE JELUSICH DIZ. EXPTE. 23534/220.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 9.10.2012, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Desestimar a solicitude de D^a M^a José Jelusich Diz, con DNI 36.031.327-X, de abono das vacacións traballadas e non disfrutadas correspondentes ao ano 2012, polas razóns expostas no informe que antecede.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

21(1319).- APROBACIÓN DA MEMORIA DO PROXECTO “ESTABLECEMENTO DUNHA ALIANZA PARA CREAR UN SISTEMA DE GARANTÍA DA XUVENTUDE, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 9171/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.10.2012, conformado polo concelleiro delegado da área, e co informe da Titular da Asesoría Xurídica, do 16.07.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 8.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar á memoria do Proxecto "Establecimiento dunha alianza para crear un sistema de garantía da xuventude, no Concello de Vigo" ("Establishing a partnership to set up a Youth Guarantee scheme in Municipality of Vigo") presentado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para a súa remisión ao programa "Youth Guarantee" da Dirección General de Employment,

Social Affairs & Inclusion, da Comisión Europea, dentro da convocatoria No. VP/2012/012.

- Solicitar da Dirección General de Employment, Social Affairs & Inclusion, da Comisión Europea, unha axuda 199.386,12 € correspondente ao 95,00% do total do proxecto "Establecemento dunha alianza para crear un sistema de garantía da xuventude, no Concello de Vigo".
- En uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e con carácter específico as previstas no art.127.1.f) (segundo modificación introducida a través de Lei 57/2003), esta Administración Municipal comprométese a incluír nos Orzamentos Xerais deste Concello, entre os exercicios 2013 e 2014 (ambos inclusive), as dotacións suficientes para facer fronte ao financiamento municipal do Proxecto, en contía de 10.494,01 € (5,00 % do total), que se distribuirá en devanditas anualidades segundo o establecido na solicitude de axuda financeira.
- O Concello de Vigo comprométese a efectuar os anticipos de tesourería necesarios para facer fronte aos pagos da totalidade do Proxecto (incluídos os correspondentes á porcentaxe da axuda financeira solicitada), previo expediente de modificación orzamentaria (xeración de créditos que se tramitará unha vez notificado o compromiso de cofinanciación comunitario).
- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación de subvención diante da Dirección General de Employment, Social Affairs & Inclusion, da Comisión Europea.

22(1320).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XGL, SOBRE OS CRITERIOS TRANSITORIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA RELATIVOS ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, DERIVADA DA APLICACIÓN DO RDL 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE. EXPTE. 23544/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 18.10.2012, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

"PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 15/10/2012 (expediente administrativo nº 23.544/220) aprobatorio dos “CRITERIOS TRANSITORIOS DE XESTIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA RELATIVOS ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO, DERIVADA DA APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE”, no senso de que, na referencia contida ao artigo 9.2, apartado 1º, onde literalmente di: “... A partir del día vigésimo primero y hasta el nonagésimo, ambos inclusive, podrá reconocerse la totalidad de las retribuciones básicas, de la prestación por hijo a cargo, en su caso, y de las retribuciones complementarias»” debe dicir: «... A partir del día vigésimo primero, inclusive, podrá reconocerse una prestación equivalente al cien por cien de las retribuciones que se vinieran percibiendo en el mes anterior al de causarse la incapacidad».

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas), Xefatura da Área de Réxime Interior, e Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

23(1321).- ADXUDICACIÓN A ELECNOR S.A. DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN DOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 12612/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 18.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Adxudicar a ELECNOR, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción AQS dos colexios públicos (expediente 12612-332) por un prezo de 93.652, 98 € (IVE excluído), sendo o custo hora mantemento correctivo 14 €/hora (IVE excluído) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aumento da bolsa para mantemento correctivo en 2.808,50 €/ano

Todo ilo de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

2º.- Quedar enterada da non admisión neste procedemento das seguintes mercantís:

- FLUE, S.L., e CELTSENER, S.L., por non acreditar estar en posesión da clasificación esixida para participar nesta licitación.
- MANVIA MANUTENÇÃO, EXPLORAÇÃO DE INSTALAÇÕES E C. por non acreditar a representación do representante da sociedade e a solvencia técnica e económica, así como por non ter presentado a documentación persoal traducidas ao galego ou o castelán.

3º.- Excluir do presente procedemento as mercantís ACEUVE S.L, e CLECE S.A., por apreciarse que a súa oferta contén valores desproporcionados ou anormais, conforme o disposto no artigo 152.4 TRLCSP”.

24(1322).- ADXUDICACIÓN Á ASOCIACION DE MULLERES PROGRESISTA DE VIGO, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 13263/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 15.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Adxudicar a ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO (CIF G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación do servizo de servizo de educación de persoas adultas (Exped 13263-332) por un prezo total de 74.583 euros. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Darse por enterada dos acordos de non admisión de licitadores adoptados pola mesa de contratación durante a licitación do presente procedemento.

- Na sesión de data 24 de setembro de 2012 se acordou non admitir a seguinte mercantil:

Forox Innovación S.L.U. : a no admitir a mesma no procedemento de referencia por falta de solvencia técnica por non ter acreditado os seguintes aspectos esixidos no prego:

1. Relación de programas de alfabetización de persoas adultas, obxecto do contrato, xestionados e impartidos pola empresa licitadora nos tres

últimos anos, incluíndo importes, datas concretas, nº de alumnos beneficiarios e organismos que os promoveron; e acreditación da boa execución dos servizos efectuados.

2. Relación nominal de persoal adicado ó contrato e curriculum profesional documentado de cada un deles, que acredite a cualificación e experiencia de dito persoal. O equipo de traballo estará conformado por persoal suficiente para a impartición do proxecto de formación presentado polo licitador, cuxa formación académica e experiencia deberá acreditar como mínimo as seguintes características:
 - Titulación universitaria de Maxisterio ou Mestre/a, ou Licenciatura Universitaria co Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP) ou formación metodolóxica similar.
 - Formación complementaria e experiencia acreditable mínima de tres anos no exercicio da docencia de distintas modalidades de formación de persoas adultas, promovidos por entidades ou organismos públicos ou privados.
 - Todo o profesorado proposto acreditará experiencia de alomenos 1000 días cotizados no réxime xeral da Seguridade Social nos últimos seis anos (entre 2006 e 2011 ámbolos dous incluídos), na impartición de distintas modalidades de formación de persoas adultas, promovidos por entidades e ou organismos públicos ou privados.

25(1323).- PROXECTO DE “RESTAURACIÓN DE PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”. EXPTE. 2246/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Fomento, do 16.10.2012, e co informe do Interventor Xeral, do 17.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA para a “RESTAURACIÓN DE PRAZA NO PASEO DE PAZ ANDRADE DE BOUZAS”, cun orzamento base de licitación de DOUSCENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (292.891,97 EUROS) IVE engadido.

26(1324).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.